

**VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN  
XEFATURA TERRITORIAL DE OURENSE**

Rúa Curros Enríquez, 1-4º  
32003 Ourense

**Asunto:** Alegacións aos proxectos eólicos referidos ao expediente IN408A 2021/029, ao expediente IN408A 2021/030, ao expediente IN408A 2020/77, ao expediente IN408A 2021/043 e ao proxecto da Liña eléctrica de evacuación dos proxectos eólicos Mistral e Tramontana, ao que non se permite o acceso á documentación ambiental.

Don/Dona \_\_\_\_\_ con DNI. Número  
\_\_\_\_\_, con domicilio a efectos de notificacións en  
\_\_\_\_\_, municipio de  
\_\_\_\_\_, provincia \_\_\_\_\_, teléfono \_\_\_\_\_.

**EXPÓN:**

Tendo en conta a súa condición de **PROFESIONAL DA APICULTURA**, á vista do Acordo do 17 de outubro de 2022, da Xefatura Territorial de Ourense, polo que se someten a información pública a solicitude de autorización administrativa previa, a declaración de utilidade pública, en concreto, coa necesidade de urxente ocupación, a autorización administrativa de construción, o proxecto de interese autonómico e o estudo de impacto ambiental do parque eólico Mistral, situado no concello de Baltar, provincia de Ourense (expediente IN408A 2021/029), DOG Núm. 206, de 28 de outubro de 2022 e á vista dos demais proxectos en tramitación arriba referenciados e o parque eólico Larouco xa instalado e con 49 aeroxeradores, por medio do presente escrito realiza as seguintes **ALEGACIÓNS:**

Na actualidade as abellas e a produción apícola vense afectadas pola destrución do hábitat, a contaminación do aire, o quecemento global e o uso de pesticidas. Examinadas as pás dos aeroxeradores (cómpre lembrar os 49 xa instalados na Serra do Larouco), apréciase que contra elas baten millóns de insectos que literalmente desaparecen, deixan de existir, contribuíndo á unha importante perda de biodiversidade. **Esta perda de biodiversidade non aparece nos estudos de impacto ambiental das empresas promotoras.**

Baltar é un municipio coñecido pola importancia da apicultura. A mel de montaña, en especial a da Serra do Larouco, engade valor a un produto que o consumidor aprecia cada día máis. O proxecto do parque eólico Mistral produce unha importante afección irreversible sobre bosque autóctono galego. O proxecto do parque eólico Tramontana prevé a corta e eliminación irreversible dunha ampla superficie de matogueira. Coa perda da cuberta vexetal deterióranse os hábitats e polo tanto, aféctase á viabilidade das colmeas e á calidade e a cantidade do mel.

En Baltar existe unha importante rede de apiarios que producen mel de calidade e ecolóxico. A perda dos hábitats derivada da instalación de turbinas eólicas e as infraestruturas asociadas a estas, xera unhas problemáticas para a produción que son moi preocupantes:

**1. Contaminación sonora e interferencia na comunicación acústica de aves e insectos**

Un dos grandes inconvenientes dos aeroxeradores é o ruído que provocan. O ruído tamén afecta á fauna, especialmente aos insectos que emiten sons ou zoan para comunicarse como as abellas.

**2. Contaminación lumínica, un impacto especialmente significativo naquelas zonas onde hai unha alta concentración de turbinas, como é o caso de Baltar e a Serra do Larouco.**

A iluminación artificial modifica as pautas de comportamento natural da fauna. É capaz de desorientar ás aves e certos anfibios nos seus procesos de migración, así como alterar a cadea trófica modificando o equilibrio entre depredador e presa ou, mesmo, cambiar os ritmos circadianos e reprodutivos.

### **3. Morte por colisión de miles de aves, morcegos e de insectos**

Outro dos riscos dos parques eólicos é que, polo xeral, os animais voadores non conseguen esquivar as aspas dos aerogeneradores e o impacto produce unha mortalidade directa. Ademais, no caso de que sobrevivan, pódennles producir lesións debido á turbulencia que xeran os motores.

### **4. Morte de millóns de insectos**

Tamén as pas dos aerogeneradores son causantes da morte de millóns de insectos. Moitos deles claves na polinización e a apicultura como poden ser as abellas. Unha situación que resulta especialmente grave no caso de centrais situadas nos roteiros de especies de insectos migratorios, como, por exemplo, as bolboretas.

As bolboretas galegas perden terreo por mor da degradación do hábitat. O problema é que especies raras ou vulnerables ven afectadas polos monocultivos e a eliminación de plantas silvestres ou pola expansión das urbes e as grandes obras públicas que arrasan os seus hábitats. Os estudos de impacto ambiental adoitan esquecer ou minimizar a fauna invertebrada, ao que hai sumar os pesticidas, a contaminación, o turismo ou mesmo o saqueo por coleccionismo. Existen menos bolboretas e menos abellas relacionadas coa perda de saúde do campo.

### **5. Efecto Barreira**

Así mesmo, os parques eólicos supoñen unha obstrución ao movemento das aves, tanto nos roteiros de migración ou entre as áreas que utilizan para a alimentación e o descanso. Este efecto barreira pode ter consecuencias fatais para o éxito reprodutor e supervivencia da especie porque as aves, ao tentar esquivar os parques eólicos, sofren un maior gasto enerxético que pode chegar a debilitalas.

### **6. Fragmentación e destrución de hábitats**

Pola súa banda, a liberación de terreo para implantar parques eólicos leva consigo a destrución de hábitats. A trasfega de persoas ou vehículos durante as obras, así como o ruído que xeran os aerogeneradores supoñen unhas molestias para a fauna que poden ocasionar a que estas eviten as zonas onde están emprazadas, véndose obrigadas a desprazarse a outros hábitats.

Así mesmo, o tendido eléctrico que provoca electromagnetismo. Isto pode poñer en xaque ás explotacións que producen en ecolóxico porque igual non poden continuar co selo ou, mesmo, haberá persoas que non queiran consumir estes produtos expostos ao electromagnetismo.

### **7. Ocupación e degradación do terreo**

Tamén a obra civil necesaria para a implantación de parques eólicos pon en xaque a xeomorfoloxía do terreo. O levantamento e movemento de terras, non só no emprazamento final dos aerogeneradores, senón nas zonas lindoiras nas que frecuentemente se constrúen subestacións, tendidos eléctricos de evacuación, vías de acceso para trasladar a maquinaria, etc. poden acentuar o risco de erosión.

### **8. Perda de sumidoiros de carbono**

Ademais, a deforestación e a perda de chan provocan que desapareza a cuberta vexetal existente no terreo e, desta maneira, elimínase un sumidoiro natural de carbono.

### **9. Perda de servizos ecosistémicos**

Coa implantación de parques eólicos desaparecen os beneficios proporcionados pola fauna, a flora ou os ecosistemas como poden ser o control biolóxico de pragas, a polinización, a regulación do clima, a eliminación de cadáveres e propagación de enfermidades, entre outros moitos aspectos.

### **10. Impacto social**

Por último, outro dos grandes problemas que xeran os parques eólicos é a destrución de emprego e o fomento do despoboamento rural. As empresas eólicas non xeran emprego na zona nin hai retorno económico algún.

En virtude do anterior,

## **SOLICITA:**

O rexeitamento dos proxectos eólicos referidos ao expediente IN408A 2021/029, ao expediente IN408A 2021/030, ao expediente IN408A 2020/77, ao expediente IN408A 2021/043 e ao proxecto da Liña eléctrica de evacuación dos proxectos eólicos Mistral e Tramontana, ao que non se permite o acceso á documentación ambiental deste.

O proxecto do parque eólico Mistral abrangue unha poligonal de 364 hectáreas e prevé a eliminación de 3,65 hectáreas do hábitat 9230, correspondente a carballeiras galaico -portuguesas con *Quercus robur* e *Quercus pirenaica*, afectadas polos aeroxeradores M01, M02 e M03 e a viais do parque.

O proxecto eólico Mistral tamén prevé a eliminación de 8,06 hectáreas de mezcla de hábitats 4030 (brezais secos europeos), 4090 (brezais oromediterráneos endémicos con aliaga) e 8230 (rochedos silíceos con vexetación pionera do Sedo-Scleranthion ou do Sedo albi-Veronicion dillenii), afectadas polos aeroxeradores M04, M05, M06 e M07, viais internos e zona de acopio de materiais.

O proxecto do parque eólico Tramontana prevé unha poligonal de 663,54 hectáreas e unha afección a matogueira e rochedos (sen caracterizar) de 4,62 hectáreas, que se verían afectados de forma irreversible ao preverse a súa eliminación, ao contemplarse a instalación de viais e dos aeroxeradores T06, T07 e T08.

O proxecto do parque eólico Tramontana prevé a construción de 4 km de viais interiores do parque e unha lonxitude total de gabias de 3.955 metros. A isto hai que engadir a superficie da subestación e das plataformas eólicas.

Ao anterior hai que engadir a afección do proxecto eólico San Martiño e as liñas eléctricas de evacuación asociadas, todo elo obviado na documentación ambiental do proxecto eólico Tramontana.

**O impacto ambiental é inasumible, severo e moi crítico. A afección a hábitats é severa e irreversible posto que se prevé a súa eliminación e a transformación radical dos usos do chan. O proxecto elimina de forma irreversible unha parte importante destes hábitats vulnerando de forma flagrante a normativa que obriga a súa preservación nun estado de conservación favorable.**

**Xa non é só a severa afección á apicultura derivada da perda dos hábitats. Hai que ter en conta a severa afección que se produce sobre os insectos en xeral, impacto obviado totalmente nos proxectos das empresas promotoras.**

Ademais non se permite o acceso ao Proxecto “Liña de alta tensión a 132 KV desde a subestación do parque eólico Tramontana, pasando pola subestación do parque eólico Mistral, ata subestación de Salas”, a pesar de formar parte das infraestruturas dos parques eólicos.

Baltar, 8 de novembro de 2022

Asdo.- \_\_\_\_\_